

As normas básicas de convivencia así como unhas sancións que aplicaranse son as seguintes:

#### 1. Norma básicas:

- Lavar as mans antes de xantar.
- Respectar e obedecer ós cuidadores/as que atenden o servizo do comedor.
- Respectar ós compañeiros da mesa.
- Entrar en orde, amodo e sentarse correctamente na mesa asignada.
- Xantar unha cantidade mínima diaria e variada (aínda que ás veces guste menos).
- Falar e beber coa boca baleira, mastigar coa boca pechada e evitar que caian alimentos ó chan.
- Pedir o que se precise coa man levantada. Falar moi baixo e soamente cós compañeiros que teñen preto.
- Aprender a perfeccionar o uso dos cubertos en cada prato que vaian xantar.
- Manterse sentado mentres permanece no comedor.
- Colaborar coa recollida do comedor deixando as mesas recollidas e as cadeiras encima das mesas.
- Entrar e saír con orde.

#### 2. Faltas e sancións

##### 2.1. Faltas leves e sancións

Considéranse FALTAS LEVES:

- Desobedecer levemente as indicacións do Persoal de cociña e comedor.
- Non lavarse as mans.
- Entrar ou saír do comedor desordenadamente.
- Entrar no comedor con obxectos non permitidos (xoguetes, libros, cartas, cromos, mochilas...)
- Cambiarse de sitio na mesma mesa.
- A actitude pasiva ante a comida e o acto de xantar.
- Non comer con corrección ou non facer uso adecuado dos utensilios ( pratos, cubertos, pano de mesa...).
- Permanecer mal sentados ou balancearse na cadeira.
- Levantarse da cadeira sen causa xustificada.
- Facer ruído, gritar ou falar con alumnos doutras mesas.
- Calquera outra conduta que afecte levemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas( insultos, burlas, bromas pesadas, empurróns...).

SANCIÓNS:

- Amoestación verbal ao alumno. En caso de reiteración, comunicación por escrito a os pais.
- Separación temporal do grupo da súa mesa de comedor e integración noutra.
- Perda do dereito a participar en xogos ou actividades de lecer.
- Realización de tarefas relacionadas coa falta cometida (redaccións sobre a falta cometida, escribir normas de comportamento, axudar a recoller e calquera outra actividade que contribúa o bo desenvolvemento do comedor e do centro).